



**Concello de Vigo**

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
SERVIZOS CENTRAIS

**Asunto: ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO ANO 2016 DO ORGANISMO AUTÓNOMO “XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO”.**

**Documentos 150151070 e 150152973.**

**INFORME:**

**1) Documento 150151070.- Alegación do Presidente do Comité de Persoal, D. Pergentino Martínez Pampillón, de data 24/11/2015.**

En relación co importe consignado na partida 1510.1620400 destinada ó “fondo social” do persoal propio do Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo” (23.218,60 euros), que o alegante considera insuficiente, infórmase:

Dado que, en aplicación do “acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo”, no Proxecto de Orzamento do Concello para 2016 consígnase a cantidade de 331.506,05 euros para unha plantilla de 1.459 traballadores (unha vez incorporado ó persoal dos Organismos Autónomos en proceso de extinción), o importe destinado no Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, para un cadro de persoal integrado por 82 traballadores, debe ser igual a superior a 18.631,59 euros. Dita proporción cúmprese, por tanto, sobradamente e, en consecuencia, non existe a mencionada insuficiencia.

Respecto á solicitude de transformación das catro prazas de auxiliar administrativo en prazas de administrativos con cargo ó fondo de adecuación de postos de traballo, partida 1210300, dita solicitude non supón, de conformidade co artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, reclamación ó Orzamento aprobado inicialmente.

**2) Documento 150152973.- Alegación dos inspectores de Urbanismo de data 27/11/2015.**

Visto o escrito presentado polos inspectores de urbanismo desta Xerencia Municipal de Urbanismo (Carlos Pérez Rodríguez, Antonio Cancelo Mariñas, Victoria Romero Gil-Delgado, Xaquín Martínez Posada, Manuel Bernardo Martínez Area, Ramón Cid González e Antonio Alemparte Gonzalvo), solicitando incremento do complemento específico, infórmase que dita



**Concello de Vigo**

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
SERVIZOS CENTRAIS

alegación non se considera incluída en ningún dos supostos contemplados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. En consecuencia, debe desestimarse dita reclamación, sen prexuízo do seu posterior estudo no procedemento correspondente.

Vigo, 1 de decembro de 2015

O xefe dos Servizos Centrais

Juan González Ramírez